



### CONCELLOS

LUGO

Anuncio

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte

1. Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados que a partir do vindeiro día 20 de agosto e ata o 21 de outubro do ano 2024, ambos inclusive, pónse ó cobro en período voluntario o padrón de recibos correspondente ó ano 2024 dos tributos que de seguido se relacionan

- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

- Taxa por Aproveitamentos Especiais da Vía Pública (Entrada de Vehículos-Vaos)

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 07 de outubro de 2024.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de Novembro de 2024, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo elo sen perxuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria Lugo, 19 de agosto de 2024.- O ALCALDE EN FUNCIONS EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, Rubén Arroxo Fernández.

R. 2560

#### A PONTENOVA

Anuncio

Ós efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023, xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen perxuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello

[<http://concellodapontenova.sedelectronica.es>].

A Pontenova, 27 de agosto de 2024.- O Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 2561

## RIBADEO

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30/2024-

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 16/07/2024, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 30/2024 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito de distintas áreas de gastos, financiado con baixas ,pola cantidade de 85.000,00 euros, que se fai público resumido por capítulos:

0				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
<b>A. Operacións non financeiras</b>				
<b>A.1 Operacións Correntes</b>				
1	Gastos de Persoal	5.699.407,79	0	5.699.407,79
2	Gastos B. Correntes e Servizos	5.710.556,29	69.337,8	5.779.894,09
3	Gastos Financeiros	82.789,60	0	82.789,60
4	Transferencias Correntes	480.870,73	0	480.870,73
5	Fondo de continxencia	318.731,49	0	318.731,49
<b>A.2 Operacións de Capital</b>				
6	Investimentos Reais	4.846.530,69	-85000+ 11800+2000+1862.2	4.777.192,89
7	Transferencias de Capital	741.816,64	0	741.816,64
<b>B.- Operacións financeiras</b>				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	193.612,12	0,00	193.612,12
<b>Total</b>		<b>18.101.360,89</b>	<b>85.000,00</b>	<b>18.101.360,89</b>
<b>ESTADO DE INGRESOS</b>				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
<b>A. Operacións non financeiras</b>				
<b>A.1 Operacións Correntes</b>				
1	Impostos Directos	2.834.000,00	0	2.834.000,00
2	Impostos Indirectos	740.000,00	0	740.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.905.774,06	0	2.905.774,06
4	Transferencias Correntes	4.731.804,34	0	4.731.804,34
5	Ingresos Patrimoniais	512.809,02	0	512.809,02

<b>A.2 Operacións de Capital</b>				
<b>6</b>	<b>Alleamento de Investimentos Reais</b>	<b>85.000,00</b>	<b>0</b>	<b>85.000,00</b>
<b>7</b>	<b>Transferencias de Capital</b>	<b>2.575.781,43</b>	<b>0</b>	<b>2.575.781,43</b>
<b>B.- Operacións financeiras</b>				
<b>8</b>	<b>Activos Financeiros</b>	<b>2.598.792.04</b>	<b>0</b>	<b>2.598.792.04</b>
<b>9</b>	<b>Pasivos Financeiros</b>	<b>1.317.400,00</b>	<b>0</b>	<b>1.317.400,00</b>
<b>Total</b>		<b>18.101.360,89</b>	<b>0</b>	<b>18.101.360,89</b>

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 26 de agosto de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2562

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024/251, de data 23 de agosto, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 23 de agosto de 2024 - Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2563

### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024/252, de data 23 de agosto, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xullo de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 23 de agosto de 2024 - Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 2564

## VIVEIRO

### *Anuncio*

En cumprimento das previsións do artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), e do artigo 59 do Regulamento Orgánico Municipal, publícase o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 7 de agosto de 2024, que literalmente di:

“DONA MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

En virtude do disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos artigos 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e no artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).

Tendo en conta o escrito recibido do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en data 9 de xuño de 2024 para a designación de representante por parte do Concello de Viveiro, procede realizar proposta, co fin de nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados .

En virtude do exposto, esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representante da Corporación no órgano colexiado do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Asamblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar) á seguinte concelleira:

D<sup>a</sup>. Catalina Fernández Méndez

Segundo.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado á concelleira nomeada.”

O que asino en

Viveiro, 27 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2565